



2011

**O RECAMBIO XERACIONAL EN OCUPACIÓNS DO
MERCADO LABORAL GALEGO**

O RECAMBIO XERACIONAL EN OCUPACIÓNS DO MERCADO LABORAL GALEGO

XUNTA DE GALICIA
Consellería de Traballo e Benestar
Santiago de Compostela
2011

EDITA:

Xunta de Galicia

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Formación e Colocación

Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández

M^a José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal

César Manuel Dans Galán

Rosa M^a Fernández Fernández

Ricardo Fernández López

M^a del Mar Martínez Besada

Sergio Cantalejo Díez

M^a Esther Sánchez González

Eva Uriach Masgoret

M^a Belén Yáñez Barge

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose

M^a Jesús Iglesias Ferreiro

Marta López Fernández

M^a José Porto Pardiñas

Índice

1. INTRODUCCIÓN	6
2. ASISTENTES DOMICILIARIOS.....	9
3. MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR.....	13
4. SOLDADORES E OXICORTADORES E CHAPISTAS E CALDEIREIROS	17
5. MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS	21
6. CONDUTORES DE AUTOBUSES E CONDUTORES DE CAMIÓN.....	25
7. PERRUQUEIROS, ESPECIALISTAS EN TRATAMENTO DE BELEZA E TRABALLADORES ASIMILADOS	32
8. OPERADORES DE GUINDASTRES, CAMIÓN MONTACARGAS E DE MAQUINARIA SIMILAR DE MOVEMENTO DE MATERIAIS	36
9. ELECTRICISTA DE CONSTRUCCIÓN E ASIMILADOS.....	40

1. INTRODUCCIÓN

En decembro de 2010 constaban en Galicia un total de 155.141 traballadores afiliados con idades superiores aos 55 anos, colectivo que supón un 15,70% do total de traballadores. Resulta significativo que, no mesmo período, os afiliados menores de 30 anos obteñan un volume e peso relativo inferior aos traballadores de maior idade (150.035 afiliados, cunha representación dun 15,19%).

Este estudo pretende amosar unha perspectiva sobre a situación de recambio xeracional no noso mercado laboral. Os criterios metodolóxicos seguidos pasan, en primeiro lugar, por determinar as ocupacións en que se producirá un maior descenso de traballadores de máis idade, ben pola proximidade da xubilación ou por outras causas, e analizar nelas o comportamento da contratación e paro xuvenil, co obxecto de comprobar cales destas ocupacións son susceptibles de experimentaren unha substitución xeracional dos seus traballadores.

A través dos rexistros de contratos e contratados, temos información dos traballadores que foron contratados nun determinado período de tempo e nunha determinada ocupación. Por exemplo, sabemos os contratados maiores de 55 anos nunha ocupación no ano 2010 ou no mes de xaneiro de 2011 ou noutro período de tempo determinado, pero non podemos saber o número total das persoas maiores de 55 anos que están a traballar nesa ocupación, xa que non se trata dun rexistro de traballadores en activo.

Tomando como referencia a contratación, obtemos información sobre as actividades económicas en que se realizou a contratación. Seleccionando a actividade económica en que se inscriben de maneira preponderante os contratados dunha ocupación, podémola contrastar cos datos da TGSS, rexistro que si nos proporciona información completa do número total de afiliados por grupos de idade nas distintas actividades económicas. Desta maneira, coñecemos o número total de traballadores afiliados por grupos de idade segundo as actividades económicas onde desenvolvan a súa actividade profesional.

Coñecendo as actividades económicas máis envellecidas e relacionando estas coas distintas ocupacións, podemos ter unha aproximación do volume e porcentaxe que supoñen os traballadores de máis idade nas distintas ocupacións.

Do conxunto de actividades económicas da clasificación nacional escóllense aquelas que destacan por teren un elevado volume e peso relativo de afiliados maiores de 55 anos.

Estas actividades económicas acaparan un total de 22.751 afiliados maiores de 55 anos no ano 2010, practicamente o 15% do total de afiliados destas idades, e, ao mesmo tempo, teñen unha media dun 13% de representación deste colectivo con respecto aos restantes grupos de idade.

Ademais, estas actividades económicas teñen unha correspondencia practicamente directa e clara con determinados grupos ocupacionais que son os que finalmente aparecen no informe, correspondencia que se obtén tras analizar os rexistros de contratación no ano 2010. Os grupos ocupacionais analizados supoñen o 11% da contratación efectuada en Galicia en 2010 para os traballadores maiores de 55 anos.

Podemos ver un exemplo de todo isto:

Se tomamos unha ocupación como pode ser a de mecánicos de vehículos de motor, vemos que no ano 2010 se contrataron un total de 1.827 traballadores repartidos en 28 actividades económicas. Deles 1.259 pertencían á actividade de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, o que supón que o 69% dos contratados como mecánicos o foron nesta actividade económica. É dicir, nesta actividade inscribíronse aproximadamente dous de cada tres traballadores da ocupación de mecánico, o que nos ofrece un grao de representatividade notable á hora de extrapolar o perfil de idade dos afiliados nesta actividade económica ao conxunto dos traballadores da ocupación.

Deste xeito, contamos cun criterio contrastado para determinar as ocupacións en que se espera unha maior saída do mercado laboral dos traballadores de máis idade.

Unha vez seleccionadas as ocupacións, o segundo paso será o de realizar unha análise ocupacional para determinar o seu nivel de crecemento e ocupabilidade.

O grao de crecemento dunha ocupación determínase en función da súa tendencia evolutiva ao longo dos últimos anos. Isto tradúcese, desde un punto de vista operativo, no establecemento dunha relación entre o número de contratados do ano actual coa media de anos anteriores co obxecto de comprobar se a ocupación presenta boas perspectivas de crecemento no mercado.

Pola súa banda, o nivel de ocupabilidade dunha ocupación determínase ao conxugar a tendencia evolutiva co saldo neto. Este último fai referencia ao cálculo da diferenza do número de demandantes con respecto ao número de contratados nunha mesma ocupación. Así, o saldo neto positivo indicaría un superávit de contratados con respecto aos demandantes de emprego, ou, dito doutro xeito, o mercado de traballo é capaz de absorber todas as demandas de emprego existentes. O saldo neto negativo, pola contra, indicaría un déficit de contratación: o número de demandantes de emprego supera ao de contratados rexistrados na ocupación.

Polo tanto, a análise da ocupación pasaría por determinar a súa tendencia evolutiva traducida nun incremento ou decrecemento contractual nun determinado período de tempo, combinado co saldo neto que presente a contratación da ocupación con respecto aos demandantes de emprego que a soliciten.

En resumo, primeiro hai que determinar as ocupacións en función do seu maior número e porcentaxe de traballadores de maior idade e contrastalas coa demanda e a contratación dos demandantes de menor idade nelas. Todo iso acompañado dunha análise da ocupación que nos permita determinar o seu nivel de crecemento e ocupabilidade.

Logo de aplicar estes criterios metodolóxicos, resultan seleccionadas as actividades económicas e os grupos ocupacionais seguintes:

Actividade económica	Grupo ocupacional
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	Asistentes domiciliarios
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor
Actividades de construción especializada	Soldadores e oxicortadores
	Chapistas e caldeiros
	Electricistas de construción e asimilados
Fabricación de produtos metálicos salvo maquinaria e equipamento	Montadores de estruturas metálicas
Transporte terrestre e por tubaxe	Condutores de camións
	Condutores de autobuses
Outros servizos persoais	Perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza e traballadores asimilados
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais

OCUPACIÓNS

2. ASISTENTES DOMICILIARIOS

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Asistentes domiciliarios	Actividades de servizos sociais sen aloxamento

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Actividades de servizos sociais sen aloxamento	883	9,6%

Os traballadores contratados como asistentes domiciliarios inscríbense como actividade maioritaria en actividades de servizos sociais sen aloxamento. Esta actividade rexistra un número de afiliados maiores de 54 anos que presenta unha cifra de 883 efectivos no ano 2010 en Galicia, o que supón que case o 10% dos traballadores afiliados desa actividade pertencen a este tramo de idade.

Se traspomos este perfil á ocupación, podémolo contrastar co comportamento que experimenta a contratación e a demanda da poboación xuvenil nela.


En primeiro lugar, hai que destacar que se trata dunha actividade netamente feminina: o 88% de afiliadas en alta laboral en 2010 son mulleres.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Asistentes domiciliarios	16 a 29	762	805	704	711	737	3.719	19,1%	-1,1%
Contratados	Asistentes domiciliarios	30 a 54	2.351	2.810	2.930	3.014	3.292	14.397	73,8%	18,6%
Contratados	Asistentes domiciliarios	55 e máis	224	276	294	308	298	1.400	7,2%	8,2%
Contratados	Asistentes domiciliarios	Total	3.337	3.891	3.928	4.033	4.327	19.516	100,0%	14,0%

En canto á ocupación de asistente domiciliario, tamén resulta ser maioritariamente desempeñada por traballadoras. Nela a dinámica de contratación inverte a tendencia xeneralizada de diminución do volume de traballadores que presenta o mercado laboral a partir da crise económica. O total de contratadas e contratados pasaron de 3.337 efectivos en 2006 a 4.327 no ano 2010, cun crecemento interanual continuo e sostido que supuxo unha porcentaxe de incremento para o período 2006-2010 do 14%.

A contratación xuvenil mostrou para o período apuntado unha tendencia lixeiramente negativa (-1%). Con todo, obsérvase unha maior actividade contractual entre os menores de trinta anos que entre a poboación maior de 54; os primeiros rexistraron unha porcentaxe media de contratados do 19,1% entre os anos 2006 e 2010, fronte ao 7,2% de porcentaxe media de contratación que representaron os maiores de 55 que se incorporaron nestes últimos anos ao mercado laboral nesta ocupación.


Porcentaxe media de contratados entre 2006 e 2010



Evolución do total dos contratados entre 2006 e 2010




Evolución dos contratados entre 2006 e 2010




PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Asistentes domiciliarios	16 a 29	1.305	1.122	1.089	1.223	1.267	6.006	9,9%	6,9%
Parados	Asistentes domiciliarios	30 a 54	7.204	7.270	7.786	9.105	9.856	41.221	68%	25,7%
Parados	Asistentes domiciliarios	55 e máis	2.231	2.374	2.684	2.945	3.175	13.409	22,1%	24,1%
Parados	Asistentes domiciliarios	Total	10.740	10.766	11.559	13.273	14.298	60.636	100%	23,4%

Os demandantes parados menores de trinta anos interesados en traballar nesta ocupación rexistraron no ano 2010 un total de 1.267 desempregados. A distribución dos parados neste tramo de idade apenas supón o 10% do total dos demandantes de emprego de todas as idades.

Dentro da tendencia xeneralizada de incremento do desemprego no colectivo de asistentes domiciliarios, a subida media do paro xuvenil rexistrou un 6,9% no período 2006-2010, fronte ao 25,7% do tramo de idade intermedio e o 23,4% que rexistrou a tendencia a alta entre os maiores de 54.





O paro xuvenil presenta un incremento menor que o rexistrado no resto de traballadores de máis idade. Non obstante, o ritmo de contratación decrece lixeiramente para o colectivo xuvenil, fronte ao incremento que rexistran os maiores de trinta.

O panorama xeral indica que se produciu nos últimos anos un aumento considerable de traballadores interesados en traballar nesta ocupación. Por unha banda, o mercado laboral aumentou o ritmo de contratación, pero por outra tamén se constata un aumento do desemprego. Esta situación pode responder a un aumento da poboación activa, ou ben a que a demanda de emprego se reorienta cara a esta ocupación, en detrimento doutras que se perciben con menores perspectivas de colocación.

Á vista destes indicadores, podemos constatar que a ocupación presenta unha perspectiva de crecemento da contratación, pero móstrase máis retardada no colectivo de menores de trinta. Dentro deste grupo de idade, o saldo que presentan os demandantes de emprego con respecto aos contratados resulta negativo: no ano 2010 rexistráronse 1.267 demandantes de emprego para esta ocupación, mentres que os contratados foron 737. Por outra banda, a ocupación inscríbese maioritariamente nunha actividade económica que non resulta estar especialmente envellecida: a porcentaxe de traballadores maiores de 54 anos é inferior ao 10%. Polo tanto, non parece que dentro da ocupación de asistente domiciliario se estea a producir un ritmo elevado de substitución xeracional.

3. MECÁNICOS E AXUSTADORES DE VEHÍCULOS DE MOTOR

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	3.683	16,0%



Dentro da ocupación de mecánicos de vehículos de motor, no ano 2010 contratáronse un total de 1.827 traballadores repartidos en 28 actividades económicas. Deles, 1.259 pertencían á actividade de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas, o que supón que o 69% dos contratados como mecánicos o foron nesta actividade económica. É dicir, nesta actividade inscribíronse aproximadamente dous de cada tres traballadores da ocupación de mecánico, o que nos ofrece un grao de representatividade notable á hora de extrapolar o perfil de idade dos afiliados nesta actividade económica ao conxunto dos traballadores da ocupación.

No ano 2010 observamos que a afiliación en alta laboral á Seguridade Social na actividade económica de venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas rexistra unha cifra de 3.683 traballadores maiores de 54 anos, o que representa o 16% do total de afiliados nesta actividade.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	16 a 29	1.684	1.691	1.454	1.124	1.066	7.019	62,1%	-28,4%
Contratados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	30 a 54	835	865	777	686	646	3.809	33,7%	-18,3%
Contratados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	55 e máis	96	90	115	97	82	480	4,2%	-17,6%
Contratados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	Total	2.615	2.646	2.346	1.907	1.794	11308	100,0%	-24,6%

No que respecta á ocupación de mecánico e axustador de vehículos de motor, observamos un descenso continuado do número de contratados a partir de 2008. Obsérvase un descenso no ritmo de contratación que se concreta en 1.794 traballadores no ano 2010, cando en 2006 a cifra de contratados ascendía a 2.615. En termos porcentuais, esta tendencia negativa supuxo un descenso dun 24,6% para o período 2006-2010.


A contratación xuvenil mostrou para o período apuntado unha tendencia negativa superior á media (-28,4%), aínda que cómpre ter en conta que nesta ocupación o acceso de novos traballadores corresponde maioritariamente a mozos menores de 30 anos: a media de contratados entre 2006 e 2010 supón un 62% de contratación xuvenil. Este dato contrasta coa escasa contratación de traballadores maiores de 54 anos, que representaron o 4%.




PARADOS	OCUPACIÓN	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	16 a 29	1.370	1.383	2.200	2.703	2.696	10352	58,1%	40,9%
Parados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	30 a 54	755	714	1.264	1.613	1.930	6.276	35,2%	77,6%
Parados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	55 e máis	203	209	219	265	301	1.197	6,7%	34,4%
Parados	Mecánicos e axustadores de vehículos de motor	Total	2.328	2.306	3.683	4.581	4.927	17825	100,0%	52,8%

Os demandantes parados menores de trinta anos interesados en traballar nesta ocupación rexistraron no ano 2010 un total de 2.696 desempregados. A distribución dos demandantes de emprego neste tramo de idade que solicitan traballo nesta ocupación supón o 58% dos demandantes de emprego de todas as idades.

Dentro da tendencia xeneralizada de incremento do desemprego no colectivo de mecánico e axustador de vehículos de motor, a subida media do paro xuvenil rexistrou un 40,9% no período 2006-2010, fronte ao 77,6% do tramo de idade intermedio e o 52,8% que rexistrou a tendencia media. En cambio, na última evolución interanual, obsérvase un lixeiro descenso do paro xuvenil no ano 2010 con respecto ao ano anterior, que, malia rexistrar tan só 7 parados menos, marca un cambio na tendencia de incremento do paro nos catro anos anteriores.





O paro xuvenil presenta un incremento menor que o rexistrado no resto de traballadores de máis idade. Porén, o ritmo de contratación decrece nunha porcentaxe algo superior ao descenso que rexistran os maiores de trinta.

O panorama xeral indica que se produciu nos últimos anos un descenso dos traballadores contratados nesta ocupación. Por unha banda, o mercado laboral retardou o ritmo de contratación, pero, por outra, tamén se constata un lixeiro descenso do desemprego no ano 2010. É dicir, diminúe lixeiramente o paro xuvenil, pero, á súa vez, retárdase a contratación. En calquera caso, estamos a falar de cifras de ocupación xuvenil de certa relevancia: nos últimos cinco anos contratáronse máis de 7.000 traballadores de menos de trinta anos, o que demostra certo dinamismo na colocación.

Estes resultados reflicten un panorama xeral no que a ocupación de mecánico e axustador de vehículos de motor se configura como capaz de absorber unha colocación maioritariamente xuvenil: o 62% dos contratados son menores de trinta anos. Este dato resulta positivo á hora de avaliar as posibilidades da substitución xeracional na ocupación, aínda que a desaceleración económica global nos últimos anos rebaixase o seu nivel de acceso ao emprego. Dentro deste grupo de idade, o saldo que presentan os demandantes de emprego con respecto aos contratados resulta negativo: no ano 2010 rexistráronse 2.696 demandantes de emprego para esta ocupación, mentres que os contratados foron 1.066.

A ocupación inscríbese maioritariamente nunha actividade económica en que a porcentaxe de traballadores maiores de 54 anos é do 16%, o que supón unha porcentaxe suficientemente representativa do número de traballadores de máis idade, non tanto polo que representa a porcentaxe, que non é demasiado elevada, senón polo número total de afiliados na actividade económica onde se inscriben maioritariamente os contratados como mecánicos, que ascende a 3.683 traballadores maiores de 54 anos e, polo tanto, susceptibles de iren abandonado o mercado laboral.

4. SOLDADORES E OXICORTADORES E CHAPISTAS E CALDEIREIROS

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación	
Soldadores e oxicortadores	Actividades de construción especializada	
Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación	
Chapistas e caldeireiros	Actividades de construción especializada	
CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Actividades de construción especializada	7.223	12,7%

Os traballadores contratados nas ocupacións de soldadores e oxicortadores e chapistas e caldeireiros empregáronse maioritariamente en empresas cuxa actividade económica, segundo a clasificación da CNAE, corresponde a actividades de construción especializada.

Trátase dunha actividade económica que presenta un número considerable de afiliados á Seguridade Social dentro do grupo de idade de maiores de 54 anos, concretamente 7.223, o que representa o 12,7% do total.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Soldadores e oxicortadores	16 a 29	2.165	2.116	1.926	1.339	1.008	8.554	42,6	- 46,6%
Contratados	Soldadores e oxicortadores	30 a 54	2.196	2.392	2.350	1.817	1.604	10.359	51,5	-26,7%
Contratados	Soldadores e oxicortadores	55 e máis	283	277	256	200	173	1.189	5,9	-31,9%
Contratados	Soldadores e oxicortadores	Total	4.644	4.785	4.532	3.356	2.785	20.102	100,0	-35,7%
CONTRATADOS	DESC_GAL_4	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Chapistas e caldeireiros	16 a 29	1.576	1.589	1.507	1.071	835	6.578	41,9	-41,8%
Contratados	Chapistas e caldeireiros	30 a 54	1.779	1.834	1.795	1.383	1.370	8.161	51,9	-19,3%
Contratados	Chapistas e caldeireiros	55 e máis	223	224	222	162	143	974	6,2	-31,2%
Contratados	Chapistas e caldeireiros	Total	3.578	3.647	3.524	2.616	2.348	15.713	100	-29,7%



Estas dúas ocupacións presentan unhas características similares no que se refire ao seu comportamento no mercado laboral.


Tanto nunha como noutra ocupación, o descenso continuado do número de contratados menores de trinta anos presenta unha intensidade similar: unha recesión máis leve no ano 2007 que deu paso a un descenso máis brusco da contratación a partir dese ano cun ritmo que mantén un nivel de caída constante, algo menor en 2010. En termos absolutos, o descenso da contratación na ocupación de soldador e oxicortador concrétese en 1.008 traballadores no ano 2010, cando en 2006 a cifra de contratados ascendía a 2.165. Isto supón que en cinco anos o número de contratados menores de trinta anos se reduciu a menos da metade. En termos porcentuais, esta tendencia negativa supuxo un descenso dun 46,6% para o período 2006-2010. A evolución dos mozos contratados como chapistas e caldeireiros presenta unha evolución similar, cunha tendencia negativa do 41,8%.

A poboación xuvenil acusou a crise do sector en maior medida que o resto de grupos de idade. A contratación dos máis novos mostrou para o período apuntado unha

tendencia negativa superior á media: no caso da ocupación de soldador e oxicortador, un descenso dun 11% máis; para os chapistas e caldeireiros, un 12%.

A pesar da brusca freada na contratación, a media de contratados entre 2006 e 2010 supón en ambas as ocupacións ao redor dun 42% de contratación xuvenil. Este dato contrasta coa escasa contratación de traballadores maiores de 54 anos, que representaron ao redor dun 6%.










PARADOS	OCUPACIÓN	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Soldadores e oxicortadores	16 a 29	1.325	1.463	2.633	3.684	3.824	12.929	42,5%	68%
Parados	Soldadores e oxicortadores	30 a 54	1.311	1.418	2.588	4.251	5.277	14.845	48,8%	121%
Parados	Soldadores e oxicortadores	55 e máis	371	338	472	677	789	2.647	8,7%	70%
Parados	Soldadores e oxicortadores	Total	3.007	3.219	5.693	8.612	9.890	30.421	100,0%	93%
PARADOS	DESC_GAL_4	IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Chapistas e caldeireiros	16 a 29	641	648	1.323	1.629	1.768	6.009	39,6%	67%
Parados	Chapistas e caldeireiros	30 a 54	766	787	1.379	2.046	2.666	7.644	50,4%	114%
Parados	Chapistas e caldeireiros	55 e máis	237	224	279	337	437	1.514	10,0%	62%
Parados	Chapistas e caldeireiros	Total	1.644	1.659	2.981	4.012	4.871	15.167	100,0%	89%

O paro xuvenil nestas dúas ocupacións presenta un incremento menor que o rexistrado no grupo de traballadores de entre 30 e 54 anos. O ritmo co que aumenta o paro xuvenil aseméllase no plano inverso ao debuxo establecido polo descenso da contratación: un lixeiro aumento en 2007 e unha brusca subida a partir de 2008 que se modera en 2010. Esta evolución é similar ao aumento que experimentou o paro nestas dúas ocupacións nos traballadores de máis idade. Dentro da distribución dos demandantes de emprego por tramos de idade, os desempregados menores de trinta anos representan unha porcentaxe en torno ao 40%.

O panorama de acceso ao emprego por parte da poboación xuvenil nestas ocupacións moderou a súa tendencia á baixa no último ano, do mesmo xeito que se observa no paro xuvenil unha tendencia cara a unha menor destrución de emprego. Con todo, o saldo neto entre demandantes de emprego e contratados segue presentando un marcado desequilibrio. O mercado laboral non é capaz de absorber a demanda de emprego xuvenil nestas dúas ocupacións. Non obstante, atopámonos fronte a ocupacións maioritariamente relacionadas cunha actividade económica en que o volume de poboación afiliada maior de 54 anos supera os 7.000 traballadores, o cal é un dato positivo á hora de pensar nunha posible substitución xeracional a medida que este importante contingente de traballadores vaia abandonado o mercado laboral. Por

outra banda, o descenso da contratación xuvenil, que segue a ser importante, parece tender a estabilizarse, o que contribuiría a mellorar as expectativas de crecemento da presenza xuvenil nas dúas ocupacións.



MONTADORES DE ESTRUTURAS METÁLICAS


Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Montadores de estruturas metálicas	Fabricación de produtos metálicos salvo maquinaria e equipamento

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Fabricación de produtos metálicos salvo maquinaria e equipamento	2.078	12,5%

Os traballadores contratados na ocupación de montadores de estruturas metálicas afílianse á Seguridade Social como actividade maioritaria en fabricación de produtos metálicos salvo maquinaria e equipamento. Esta actividade rexistra un número de afiliados maiores de 54 anos que presenta unha cifra de 2.078 efectivos no ano 2010 en Galicia. Isto supón que o 12,5% dos traballadores afiliados desa actividade pertencen a este tramo de idade.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Montadores de estruturas metálicas	16 a 29	1.678	1.637	1.530	1.091	999	6.935	46,9%	-32,7%
Contratados	Montadores de estruturas metálicas	30 a 54	1.513	1.548	1.768	1.269	1.321	7.419	50,1%	-13,3%
Contratados	Montadores de estruturas metálicas	55 e máis	92	88	100	82	84	446	3%	-7,2%
Contratados	Montadores de estruturas metálicas	Total	3.283	3.273	3.398	2.442	2.404	14.800	100%	-22,4%

A contratación xuvenil nesta ocupación experimentou un descenso continuado a partir de 2007. Esta evolución negativa repercutiu con maior intensidade entre os traballadores menores de trinta anos. A tendencia interanual para o período 2006-2009 supuxo unha caída porcentual do 32,7%, mentres que a evolución da poboación contratada de 30 ou máis anos cae un 13% ata os 55 anos e un 7% por encima desta idade. Non obstante, a contratación xuvenil rexistrou o 47% do total dos traballadores contratados no ano 2010, o que supuxo a contratación de 999 persoas.





PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Montadores de estruturas metálicas	16 a 29	172	158	404	465	484	1.683	26,2%	61%
Parados	Montadores de estruturas metálicas	30 a 54	377	447	810	1.135	1343	4.112	64,0%	94%
Parados	Montadores de estruturas metálicas	55 e máis	76	84	118	156	193	627	9,8%	78%
Parados	Montadores de estruturas metálicas	Total	625	689	1.332	1.756	2.020	6.422	100,0%	84%

O paro xuvenil registrou un forte incremento no ano 2008; a partir deste ano, moderouse o descenso no ritmo de contratación, aínda que a tendencia da ocupación segue mostrando un aumento continuo do paro xuvenil. En concreto, pasouse no ano 2006 da cifra de 172 parados menores de trinta anos a 484 no ano 2010, o que supón que a tendencia interanual que mide a evolución rexistrada no período 2006-2010 alcanzou un incremento do 61%. O ritmo anual de desemprego dentro da ocupación de montador de estruturas metálicas, entre os parados de trinta anos en diante, presenta un incremento aínda maior, concretamente os maiores de 29 e menores de 55 rexistraron un incremento de case o 100% na súa tendencia interanual de 2006 a 2010.

A pesar deste incremento no paro xuvenil, a ocupación de montador de estruturas metálicas rexistra unha cifra de desempregados menores de trinta anos relativamente baixa, tanto se a comparamos co volume de parados rexistrado noutras ocupacións como se a pomos en relación coa contratación. Neste último caso, observamos que esta ocupación é unha das poucas en que se rexistra un saldo neto positivo: é dicir, o número de contratados é superior ao de parados. En concreto, no ano 2010 houbo 484 parados, mentres que os contratados foron 999. Este dato indica unha positiva actividade do mercado laboral xuvenil á hora de absorber as demandas de emprego da ocupación, aínda que é certo que esta tampouco foi allea á deterioración da economía dos últimos anos.

Este dinamismo que segue a mostrar a ocupación entre os máis novos –484 parados, 999 contratados– conxúgase cos 2.078 afiliados na actividade de fabricación de produtos metálicos salvo maquinaria e equipamento, maiores de 54 anos, que é na que se inscriben preferentemente os montadores de estruturas metálicas. Esta ocupación, á vista dos indicadores, pode presentar unha boa posibilidade de acceso dos máis novos ao mercado laboral por causa do recambio xeracional.



6. CONDUTORES DE AUTOBUSES E CONDUTORES DE CAMIÓN

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Condutores de autobuses	Transporte terrestre e por tubaxe
Condutores de camións	Transporte terrestre e por tubaxe

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Transporte terrestre e por tubaxe	6141	18,5%


Os traballadores contratados ao longo do ano 2010 como condutores de autobuses e condutores de camións empregáronse, en maior medida que noutras, en empresas cuxa actividade económica era transporte terrestre e por tubaxe.

Esta actividade no ano 2010 aglutinaba un total de 6.141 afiliados maiores de 54 anos, o que significa que o 18,5% dos traballadores pertencen ao grupo de idade máis envellecido.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Condutores de autobuses	16 a 29	293	281	275	263	222	1.334	14,9%	-20,1%
Contratados	Condutores de autobuses	30 a 54	1.232	1.337	1.390	1.392	1.256	6.607	73,8%	-6,1%
Contratados	Condutores de autobuses	55 e máis	198	194	213	211	195	1.011	11,3%	-4,4%
Contratados	Condutores de autobuses	Total	1.723	1.812	1.878	1.866	1.673	8.952	100,0%	-8,1%

Nesta ocupación o número de menores de trinta representa o 14,9% do total de contratados no período 2006-2009, a maior parte da contratación concéntrase no tramo de idade intermedio e os maiores de 54 representan o 11,3%.

A contratación nesta ocupación mantivo certa regularidade na contratación, o que supón un feito destacado nestes tempos de crise. O número de contratados só descendeu a partir de 2009 e moi lixeiramente ese ano. A liña evolutiva que marca o acceso ao mercado laboral para os menores de trinta mostra un perfil distinto: o descenso da contratación inicia a súa caída no ano 2007 e mantense de modo sostido na súa variación interanual, cun retraemento maior en 2010. En concreto, pasamos de 293 efectivos en 2006 a un número de 222 no ano 2010; esta caída representa unha tendencia de variación para o período 2006-2010 dun 20% menos. Esta é a maior porcentaxe de caída do total de contratación, cuxa tendencia foi dun -8%.




PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Condutores de autobuses	16 a 29	88	70	112	126	169	565	7,2%	70,7%
Parados	Condutores de autobuses	30 a 54	673	709	1.101	1.542	1.856	5.881	74,6%	84,4%
Parados	Condutores de autobuses	55 e máis	222	216	255	343	398	1.434	18,2%	53,7%
Parados	Condutores de autobuses	Total	983	995	1.468	2.011	2.423	7.880	100,0%	77,6%

A porcentaxe de parados entre os menores de trinta anos dentro do período 2006-2010 representa un 7,2% do total. Trátase da menor porcentaxe de parados de todos os grupos de idade. A pesar disto, o aumento do paro supuxo un incremento de 81 parados no grupo dos mozos entre 2006 e 2010. No ano 2009 rexistráronse 169 parados novos nesta ocupación, mentres que en 2006 había 88. O incremento é algo inferior á media: a tendencia media supuxo un aumento do 77,6% por un 70,7% entre os máis novos.


Trátase, en xeral, dunha ocupación que amosa un escaso dinamismo laboral entre o colectivo de menor idade. A cifra de 222 contratados en 2010 é relativamente baixa, aínda que o desemprego xuvenil tampouco resulta elevado. Concretamente, o colectivo xuvenil de condutores de autobús presenta un saldo neto positivo no que o número de contratados é superior ao de parados: 169. Neste sentido, a ocupación, a pesar de non ter un importante volume de contratación xuvenil, tampouco presenta un número de desempregados elevado; de feito, resulta inferior ao dos contratados.

Outro aspecto que pode influír dun modo positivo á hora de avistar as perspectivas de contratación dos mozos nesta ocupación vén dado polo feito de estar asociada a unha actividade económica que rexistra un número importante de traballadores de 55 e máis anos (6.141) e unha porcentaxe do 18,5% que representa as persoas en idade de ir abandonando o mercado laboral, o que pode beneficiar a incorporación ao mercado laboral do colectivo xuvenil.


Evolución dos parados no período 2006-2010 na ocupación de condutores de autobuses



Evolución total dos parados no período 2006-2010 na ocupación de condutores de autobuses





Porcentaxe media de parados 2006-2010 na ocupación de condutores de autobuses




CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Condutores de camiións	16 a 29	3.880	3.987	2.959	2.063	1.718	14.607	25,9%	-46,7%
Contratados	Condutores de camiións	30 a 54	8.878	9.626	7.816	6.057	6.093	38.470	68,3%	-24,7%
Contratados	Condutores de camiións	55 e máis	742	778	652	549	546	3.267	5,8%	-19,7%
Contratados	Condutores de camiións	Total	13.500	14.391	11.427	8.669	8.357	56.344	100,0%	-30,3%

Como xa se viu, os traballadores contratados como condutores de camiións empréganse, en maior medida que noutras, na actividade económica de transporte terrestre e por tubaxe.

A contratación xuvenil rexistrou no período 2006-2010 unha porcentaxe de case o 26% do total de contratados, o que significa que un de cada catro contratados que se empregaron como condutores de camiións son menores de trinta anos. No ano 2010 contratáronse 1.718 mozos no conxunto da comunidade autónoma. Esta cifra, malia representar un importante volume de efectivos, veu retardando o seu ritmo de acceso ao emprego nos últimos anos. Partíase en 2006 de 3.880 contratos formalizados con mozos nesta ocupación, pero a partir do ano 2007, no que se rexistrou un pequeno incremento, a caída foi continuada e constante, o que representou unha tendencia negativa do -46,7%.



Porcentaxe media de contratados 2006-2010 na ocupación de condutores de camións





PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Condutores de camións	16 a 29	526	502	1.127	1.279	1.376	4.810	13,6%	60,3%
Parados	Condutores de camións	30 a 54	2.433	2.540	4.866	6.746	7.969	24.554	69,6%	92,2%
Parados	Condutores de camións	55 e máis	915	828	1.101	1.437	1.623	5.904	16,7%	51,6%
Parados	Condutores de camións	Total	3.874	3.870	7.094	9.462	10.968	35.268	100,0%	80,5%

O desemprego xuvenil experimentou unha forte subida nos últimos tres anos de referencia. O ascenso máis brusco produciuse no ano 2008, cun incremento de máis de seiscientos novos desempregados; a partir deste ano continúa un ascenso máis desacelerado. A cifra final de parados menores de 30 anos situouse no ano 2010 en 1.376 persoas. A pesar deste crecemento para o período 2006-2010, a porcentaxe de parados menores de trinta situouse nun 13,6% do total de parados de todas as idades, o que representa a menor porcentaxe dos tres tramos de idade. Se pomos este valor en relación coa porcentaxe de contratación xuvenil, observamos que este representa case o 26% do total, co cal o dato resulta máis positivo que nos colectivos de maior idade.

Por outra banda, a diferenza en termos absolutos entre os contratados e os desempregados xuvenís ofrece un saldo positivo a favor dos primeiros: 1.718 fronte a 1.376. Malia a tendencia negativa que marca a evolución do desemprego xuvenil nos últimos anos, temos que ter en conta os datos anteriores e o feito de que o número de contratados menores de trinta presenta un volume de contratación notable. A estas consideracións habería que engadir que a principal actividade asociada á ocupación rexistra un 18,5% de traballadores de 55 anos en diante, e estes traballadores alcanzan un número superior a 6.000, polo que as posibilidades de acceso dos máis

novos a esta ocupación reúnen unha serie de variables que poden beneficiar unha substitución xeracional na empregabilidade.



7. PERRUQUEIROS, ESPECIALISTAS EN TRATAMENTO DE BELEZA E TRABALLADORES ASIMILADOS

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	Outros servizos persoais


CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Outros servizos persoais	1.673	9,4%

Dentro da ocupación de perruqueiros, especialistas en tratamentos de beleza e traballadores asimilados, a actividade económica que aglutina o maior número de afiliados nesta ocupación é a de “outros servizos persoais”. En decembro de 2010 contaba con 1.673 afiliados maiores de 54 anos que representaban o 9,4% do total.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	16 a 29	3.714	3.696	3.300	2.694	2.590	15.994	72,0%	-22,7%
Contratados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	30 a 54	1.127	1.211	1.225	1.183	1.314	6.060	27,3%	10,7%
Contratados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	55 e máis	31	32	37	25	33	158	0,7%	5,6%
Contratados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	Total	4.872	4.939	4.562	3.902	3.937	22.212	100,0%	-13,8%

A ocupación de perruqueiro e especialista en tratamento de beleza presenta como feito destacado a importante contratación xuvenil que se produce nos últimos anos. Esta relevancia, máis que polo seu volume, que tampouco é desprezable –2.590 efectivos en 2010–, vén dada polo seu peso porcentual: os menores de trinta representaron no período 2006-2010 o 72% das novas contratacións, é dicir, case tres de cada catro contratados nesta ocupación eran menores de trinta anos. Este dato contrasta coa escasísima contratación de persoal maior de 54 anos.

Tanto a evolución da contratación xeral como da contratación xuvenil seguiu a tendencia á baixa imposta pola crise dos últimos anos; desde 2006 a 2010 o número de contratados menores de trinta anos descendeu en máis de mil cen persoas, o que supuxo unha tendencia á baixa dun -22,7%.





PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	16 a 29	1.795	1.656	2.082	2.418	2.537	10.488	45,8%	27,6%
Parados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	30 a 54	1.804	1.763	2.072	2.579	2.886	11.104	48,4%	40,5%
Parados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	55 e máis	247	244	268	278	294	1.331	5,8%	13,4%
Parados	Perruqueiros, especialistas en tratamento de beleza e traballadores asimilados	Total	3.846	3.663	4.422	5.275	5.717	22.923	100,0%	32,9%

Pola súa banda, o paro experimentou un incremento en todos os grupos de idade, aínda que, o colectivo xuvenil saíu mellor parado que os traballadores de trinta a 54 anos, que aglutinan unha porcentaxe de paro maior na súa distribución por idades, malia rexistraren menos contratados. A tendencia evolutiva do período 2006-2010 foi, en consecuencia, negativa para o emprego, aínda que o colectivo xuvenil mostra un valor inferior á media do total por idade.

O paro xuvenil incrementouse de modo máis brusco en 2008, para continuar un ascenso máis desacelerado en anos posteriores. A cifra de parados menores de trinta no ano 2010 alcanzou un total de 2.537 mozos. Se a pomos en relación co número de contratados, que foi de 2.590, obsérvase certa paridade entre ambas as cifras, que presentan un lixeiro saldo positivo a favor dos contratados.

En calquera caso, trátase dunha ocupación eminentemente xuvenil na que os menores de trinta anos acceden ao mercado laboral en maior número que outros colectivos de maior idade, e na cal, malia o incremento do paro, o mercado segue absorbendo un continxente importante de mozos. A esta situación pódese sumar a paulatina saída do mercado de traballo de parte dos 1.673 afiliados maiores de 54 anos na actividade asociada de “outros servizos persoais”, que poden ofrecer unha posibilidade de substitución xeracional, a pesar de que non se trata dunha actividade económica demasiado envellecida.



8. OPERADORES DE GUINDASTRES, CAMIÓN MONTACARGAS E DE MAQUINARIA SIMILAR DE MOVIMENTO DE MATERIAIS

Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	Almacenamento e actividades anexas ao transporte

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.070	11,3%



Dentro das distintas actividades económicas da CNAE 2009 en que desempeñan o seu labor profesional os traballadores contratados como operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais, a actividade económica que aglutina maior número de efectivos é a que se corresponde con almacenamento e actividades anexas ao transporte.

Os afiliados maiores de 54 anos nesta actividade no ano 2010 foron 1.070 traballadores, o que constitúe un volume de ocupación efectiva neste tramo de idade do 11,3%.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	16 a 29	987	1.075	1.021	499	630	4.212	41,4%	-29,6%
Contratados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	30 a 54	1.188	1.245	1.290	814	985	5.522	54,3%	-13,2%
Contratados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	55 e máis	80	87	104	74	89	434	4,3%	3,2%
Contratados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	Total	2.255	2.407	2.415	1.387	1.704	10.168	100,0%	-19,5%

O volume de contratación do colectivo xuvenil nesta ocupación non é moi elevado; non obstante, rexistrou unha nota positiva na súa evolución no último ano: despois da brusca caída rexistrada no ano 2009, en 2010 os contratados de menos de trinta anos incrementáronse nun número de 131 efectivos, o cal resulta ser un dato positivo na actual tesitura económica. Este repunte é común aos tres tramos de idade, aínda que os maiores de 54 anos presentan unha cifra de contratación moi escasa. A pesar deste dato positivo, a tendencia interanual do período 2006-2010 rexistra un valor negativo, determinado pola abrupta caída da contratación rexistrada en 2009.

O peso porcentual que ocupou a contratación do colectivo xuvenil no ano 2010 alcanzou un 41,4% do total.






PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	16 a 29	98	104	263	353	322	1.140	15,4%	57,5%
Parados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	30 a 54	461	484	1.060	1.465	1.738	5.208	70,4%	100,3%
Parados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	55 e máis	160	159	183	250	298	1.050	14,2%	58,5%
Parados	Operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais	Total	719	747	1.506	2.068	2.358	7.398	100,0%	87,1%

Do mesmo xeito que sucedeu coa contratación, 2010 foi un ano positivo para o paro xuvenil na ocupación de operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais. Neste último ano, o desemprego xuvenil en Galicia descendeu en 31 traballadores, pasando de 352 a 322. Este descenso, e máis nun colectivo como o dos menores de trinta anos, resulta ser un dato novo no actual panorama de deterioración do emprego xeral e do xuvenil en particular. A evolución total do emprego nesta ocupación mostra un aumento continuo do desemprego, o que nos indica que o colectivo de maiores de 29 anos sufriu un aumento do desemprego tamén en 2010. A tendencia evolutiva do total da poboación contratada foi do 87%, mentres que a dos menores de trinta baixou ao 57,5%.

O peso porcentual do paro por idades sitúase no 15,4% no que respecta ao paro xuvenil, mentres que o peso dos contratados menores de trinta era do 41,4%. Esta comparativa indícanos un bo comportamento do colectivo xuvenil nesta ocupación, por encima dos traballadores de máis idade. Outro dato positivo é que o resultado da comparativa entre o número absoluto de contratados e parados no ano 2010 presenta un saldo neto positivo a favor dos primeiros: 630 fronte a 322.

Á vista destes datos, e á espera de que no ano 2011 se manteña o repunte da contratación e o descenso do paro xuvenil rexistrado en 2010, podemos colixir que a ocupación de operadores de guindastres, camións montacargas e de maquinaria similar de movemento de materiais parece presentar unha boa perspectiva de acceso ao emprego entre o colectivo de menos de trinta anos. A isto hai que sumar o feito do posible abandono do mercado laboral da poboación traballadora de máis idade, aínda que, á vista do número e porcentaxe de poboación de 55 e máis anos rexistrados na principal actividade económica asociada, non parece que se trate dunha ocupación especialmente envellecida.



9. ELECTRICISTA DE CONSTRUCCIÓN E ASIMILADOS



Ocupación	Actividade onde se inscribe a maior parte de afiliados da ocupación
Electricista de construción e asimilados	Actividades de construción especializada

CNAE	≥ 55 anos	% ≥ 55 anos
Actividades de construción especializada	7223	12,7%

A actividade económica onde se adscriben en maior medida os contratados como electricistas de construción de edificios é a de actividades de construción especializada. Nela apreciamos un número alto de afiliados maiores de 55 anos, en concreto, 7.223, o que representa un peso porcentual do 12,7%.

CONTRATADOS	OCUPACIÓN	TRAMO IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Contratados	Electricista de construción e asimilados	16 a 29	2.670	2.497	2.112	1.604	1.319	15.994	56,2%	-85,2%
Contratados	Electricista de construción e asimilados	30 a 54	1.737	1.597	1.514	1.281	1.287	6.060	40,9%	-79,0%
Contratados	Electricista de construción e asimilados	55 e máis	116	129	110	88	85	158	2,9%	-80,8%
Contratados	Electricista de construción e asimilados	Total	4.523	4.223	3.736	2.973	2.691	22.212	100,0%	-82,6%

No período comprendido entre os anos 2006 e 2010, o maior número de contratacións na ocupación de electricista de construción produciuse entre traballadores menores de trinta anos; a media deste período rexistrou un peso porcentual do 56,2% de contratación xuvenil, concretamente en 2010 rexistráronse un total de 1.319 contratados menores de trinta. A tendencia destes últimos anos debuxou unha liña descendente na que ano a ano a contratación xuvenil experimentou unha contracción paulatina. Isto supuxo unha variación media dun -85%, ao pasar de 2.670 contratados menores de trinta en 2006 a 1.319 no ano 2010, é dicir, neste quinquenio o volume de contratación xuvenil reduciuse á metade. A evolución da ocupación no tramo de idade superior a 29 anos seguiu unha evolución similar. O colectivo de maiores de 54 representa un escaso peso na contratación e unha desaceleración interanual máis suave.




PARADOS	OCUPACIÓN	TRAMO DE IDADE	2006	2007	2008	2009	2010	Total	06-010%	Tendencia
Parados	Electricista de construción e asimilados	16 a 29	1.188	1.196	2.014	2.790	2.659	9.847	44,0%	63,0%
Parados	Electricista de construción e asimilados	30 a 54	1.172	1.234	2.047	2.928	3.375	10.756	48,1%	54,3%
Parados	Electricista de construción e asimilados	55 e máis	233	265	331	428	509	1.766	7,9%	59,5%
Parados	Electricista de construción e asimilados	Total	2.593	2.695	4.392	6.146	6.543	22.369	100,0%	58,7%

O peso do paro xuvenil no conxunto de desempregados da ocupación situouse no ano 2010 no 44% do total; isto representou un total de 2.659 parados menores de trinta anos rexistrados no último ano. Nos anos 2008 e 2009 o desemprego xuvenil incrementouse de maneira notable, mentres que no ano 2010 rompeu esta tendencia e os parados menores de trinta descenderon lixeiramente ata situarse en 2.659, o que, a pesar do descenso, constitúe unha cifra bastante elevada, máis aínda se temos en conta que en 2006 a cifra era de 1.118. A variación interanual do paro xuvenil para o período 2006-2010 experimentou unha tendencia que mostra un incremento do 63%.

O descenso do paro xuvenil do último ano non tivo o mesmo efecto entre o colectivo de traballadores da ocupación de idade superior a trinta anos. O emprego xuvenil, malia manter un paro elevado, mostra un mellor comportamento que o colectivo de máis idade, tanto na contratación como no desemprego. A pesar diso, a diferenza entre os contratados en 2010 e os desempregados presenta un saldo negativo de 1.340 efectivos. O volume de contratados foi de 1.319, pero a cifra de paro xuvenil na ocupación duplicaa, co cal se constata que o mercado laboral, aínda que mantén certo dinamismo na contratación xuvenil de electricistas, non é suficiente para atender ás necesidades da demanda de emprego que se rexistra nesta ocupación.

A principal actividade económica asociada –actividades de construción especializada– ocupa unha porcentaxe do 12,7% de traballadores de 55 e máis anos; en termos absolutos, correspóndese cunha cifra de máis de 7.000 afiliados do grupo de máis idade. O paulatino abandono do mercado laboral deste colectivo que se agarda nos próximos anos, dado o importante volume que supón, podería ser un factor que favorecese o acceso dos máis novos ao emprego nesta ocupación.



galicia



XUNTA
DE GALICIA